

# IX Mostra de Teatro



**Venres**
22 novembro
20.30 h.
*É de maior quero ser...*
Caramuxo Teatro

**Venres**
29 novembro
22.30 h.
*Curriculum Vitae*
Redrum Teatro

**Sábado**
30 novembro
20.00 h.
*Facer o sueco*
Grupo de Teatro Badius

**Venres**
6 nadal
20.30 h.
*Go on!*
Malasombra producións

**Venres**
13 nadal
20.30 h.
*Menciñeiros*
Volta e Dalle Teatro

**Sábado**
14 nadal
20.00 h.
*O Método Grönholm*
Talía Teatro

**Domingo**
15 nadal
12.00 h.
*A nena e o grilo nun barquiño*
Urdime

**Mércores**
18 nadal
11.00 h.
(Representación escolar)
*Xango*
Talía Teatro

## Auditorio do Centro Cívico
## MALPICA DE BERGANTIÑOS

organiza: Concello de Malpica de Bergantiños

colaboran: Deputación da Coruña · falaRedes · Rede de Dinamización Lingüística · Xunta de Galicia

**Se queres recibir as nosas programacións por e-mail e/ou correo postal, cubre o seguinte formulario e deposítao na furna que se habilitará ao remate de cada función.**

| | | |
|---|---|---|
| Nome | 1º apelido | 2º apelido |
| Rúa | Nº C.P. | Poboación |
| Provincia | E-mail | Tlf. móbil |

Sinatura:

*Infórmase que de conformidade coa Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal, os datos persoais contidos no presente cuestionario forman parte dun ficheiro que ten por obxecto informar da organización de actividades culturais e a súa titularidade corresponde ó Concello de Malpica de Bergantiños, a quen autorízase para o tratamento dos mencionados datos.*

*Infórmase tamén da posibilidade de exercitar os dereitos de acceso, rectificación e cancelación dos datos persoais que se inclúen no ficheiro dirixindo un escrito ós titulares do mesmo no seguinte enderezo Departamento de Educación e Cultura Centro Cívico Rúa Ventorrillo s/n 15113 Malpica de Bergantiños.*



**Domingo 15 nadal 12.00 h.**

## A nena e o grilo nun barquiño

### Urdime

**A que soa?** A bicos roubados, á ledicia de atopar un equilibrio de expresión entre tradición e a contemporaneidade. A reafirmar a confianza na música como vehículo e vínculo interxeracional. A Beatles, harmonías vocais, retrousos contaxiosos, a arpas e zanfonas, a violíns , a arpexos de guitarra, silencio...

*Elenco:* **Montse Piñón e Pepablo Patiño**
*Músicas:* **Magín Blanco, Jorgue Juncal e María Faltri**
*Duración:* 60 min. *Xénero:* Infantil (música e teatro) Público familiar



**Mércores 18 nadal 11.00 h.**

## Xango

### Talía Teatro

A moi extraordinaria Historia do hombre que foi engulido por unha máquina. **Benvidos ó máxico e dixital mundo de Xango!**

Esta é a extraordinaria historia dun home que foi engulido pola súa propia tablet, do que alí dentro se atopou, de tódalas aventuras que viviu, e dos arrepiantes perigos que tivo que afrontar.

*Elenco:* **Toño Casais e Dani Trillo**
*Duración:* 50 min. *Xénero:* Teatro Infantil (mimo e clown)
*Público pr.:* infantil, recomendado de 7 a 12 anos

colaboran:

Deputación DA CORUÑA · Rede de Dinamización Lingüística · XUNTA DE GALICIA · falaRedes



# IX Mostra de Teatro



**Auditorio do Centro Cívico**
**MALPICA DE BERGANTIÑOS**

organiza: CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS



## Venres 22 novembro 20:30 h.

# E de maior quero ser...

## Caramuxo Teatro

Caramuxo teatro presenta desta volta un espectáculo que trata a violencia de xénero, unha comedia realizada a partir de dous monólogos mesturados con diferentes gravacións. Unha comedia para aprender en familia.

Duración 50 min. Xénero Comedia (temática de xénero) Público + 8 anos

Dirección **Juan Rodríguez e Laura Sarasola**

Elenco **Victoria Pérez e Laura Sarasola**



## Venres 29 novembro 20:30 h.

# Curriculum vitae...

## Redrum Teatro

Unha comedia sobre entrevistas de traballo na que asistiredes, a través da invisible cuarta parede dunha oficina, a esas "curiosas" escenas que teñen lugar entre dúas persoas, cando unha delas está sendo xulgada pola outra para acceder a un posto de traballo. Humillación, enchufismo, ineptitude, mala hostia, abuso... vanse sucedendo nas cinco pezas que compoñen a obra. **Premio María Casares ao mellor texto orixinal e Mellor música.**

Dirección **Alex Sampayo** Elenco **Mónica García e Guillermo Carbajo**

Duración 80 min. Xénero Comedia Público + 13 anos



## Sábado 30 novembro 20:00 h.

# Facer o Sueco

## Grupo de Teatro Badius

Tomé está nun apuro: o seu xefe sueco do IKEA vén á Coruña devolverlle unha visita. Como é de orixe esquimó, en Suecia cedeulle a súa muller, pero Tomé non está disposto a facer o mesmo. Entón, xunto co seu amigo Casio, un home moi calculador, recorre a unha solución que vai ocasionar unha gran lea.

Duración 90 min. Xénero Comedia Todos os públicos



## Venres 6 nadal 20:30 h.

# Go on!

## Malasombra Producións

Logo da chegada do home á lúa á humanidade só lle faltaba un reto: a chegada do home a Galicia. No ano 2010 (ano 25 despois de Gayoso), dous intrépidos exploradores tiveron o valor de penetrar nas descoñecidas terras galaicas a través da ruta xacobea.

"GO ON!" é unha emocionante novela de aventuras na que os seus protagonistas viven situación extremas como o terrible ataque do despiadado can de palleiro ou a entrevista a un porco no corredor da morte.

Dirección **Marcos Orsi**

Elenco **Jouse García e Xoque Carbajal**

Duración 60 min. Xénero Comedia Público familiar



## Venres 13 nadal 20:30 h.

# Menciñeiros

## Volta e Dalle Teatro

O adro dunha igrexa polo serán, un momento propicio para o paseo e a parola. Por aquí circulan as historias dos menciñeiros retratados por Cunqueiro. Pepe Penabade e os músicos Mini e Mero daranlle vida a estes vellos menciñeiros que ven como o seu tempo esmorece.

Dirección **Lucho Penabade e Comba Campoy**

Elenco **Pepe Penabade, Mini e Mero**

Duración 55 min. Xénero Comedia Todos os públicos, Preferent. adultos



## Sábado 14 nadal 20:00 h.

# O Método Grönholm

## Talía Teatro

Catro aspirantes a ocupar un cargo executivo foron convocados a unha última proba na que a Empresa decidirá quen dos catro é o elixido para o posto.

Ao pouco de dar comezo vai quedando claro para todos os aspirantes que aquela non é unha proba convencional.

O método Grönholm é un xogo, si. Un xogo constante entre verdades e mentiras. Un xogo un pouco perverso.

Dirección **Xulio Lago**

Elenco **Toño Casais, Artur Trillo, María Ordóñez e Dani Trillo**

Duración 90 min. Xénero Comedia Público + 13 anos

***Puntúa de 0 a 5 as diferentes representacións, correspondendo o 0 se non foi do teu agrado e o 5 se foi completamente do teu agrado.*** *Despois de cubrilo depositao na furna que se habilitará ó remate de cada función. A túa colaboración axudaranos a programar máis acorde cos teus gustos, grazas.*

| OBRA | COMPAÑÍA | PUNTUACIÓN |
|---|---|---|
| O Método Grönholm | Talía teatro | |
| E de maior quero ser... | Caramuxo teatro | |
| Curriculum vitae | Redrum Teatro | |
| Facer o sueco | Grupo de Teatro Badius | |
| Go on! | Malasombra producións | |
| Menciñeiros | Volta e Dalle Teatro | |
| A nena e o grilo nun barquiño | Urdime | |
| Xango | Talía Teatro | |